

## A CIG-Ensino e outras organizacións sindicais do ensino concertado fan entrega, no rexistro e na secretaría do conselleiro Román Rodríguez, dun escrito reivindicativo e de petición de convocatoria da Mesa tripartita

*No escrito comunican como medida de presión unha concentración de delegados e delegadas do sector diante da Consellaría o próximo día 5 de maio ás 11:30.*



### Entrega das sinaturas

Despois da reunión da Comisión Tripartita do Ensino Concertado celebrada o pasado mércores 8 de abril, puramente informativa, onde a Consellaría non cumpriu co seu compromiso de iniciar a negociación de novos acordos e afirmou que tocaba estabilizar o Acordo da Xubilación Anticipada, sen máis que negociar, as organizacións sindicais **CIG Ensino**, **SNEP**, **USO**, **FSIE**, **CCOO** e **UGT** solicitaron a convocatoria da Comisión Tripartita, propondo de xeito preferente iniciar as negociacións en tres puntos básicos:

- Desbloqueo da Disposición adicional 12ª dos orzamentos, que impide a execución do Acordo do 24 de abril de 2008 sobre condicións laborais e calidade do ensino, publicado no DOG do 30 de maio de 2008, coa subida salarial actualizada. Propoñemos a firma dun novo acordo de condicións laborais do ensino concertado onde se aborden tanto o aboamento dos complementos económicos actualizados como a redución da carga lectiva co conseguente incremento de cocientes.



— CONCENTRACIÓN · 5 DE MAIO · 11:30 H

**POLAS XUSTAS E LEXÍTIMAS REIVINDICACIÓN DA CONCERTADA!**

**CONCENTRACIÓN CONCERTADA 5 MAIO MARTES**

HORA 11:30 h  
LUGAR Consellería de Educación  
San Caetano · Santiago de Compostela

**ESIXIMOS**

- 01** Desbloqueo da Disposición Adicional 12.<sup>a</sup> para executar o Acordo do 24 de abril de 2008: suba salarial, complementos actualizados e redución da carga lectiva
- 02** Addenda ao Acordo de xubilación parcial incluíndo o persoal con parte da xornada en pagamento privado.
- 03** Complemento salarial autónómico directo e finalista para o Persoal de Administración e Servizos.

- Addenda ao Acordo de xubilación parcial para mellorar tanto o seu ámbito subxectivo como obxectivo, coa inclusión do persoal de pago privado indebidamente excluído, como a negociación doutras melloras no acordo.
- Complemento salarial autónómico directo e finalista para o Persoal de Administración e Servizos.

**«O trío UGT-FSIE-USO reivindicou a esmola de renegociar táboas con diferenciais salariais coma os actuais (+16 €) e non volver igualar os salarios das educadoras coa categoría inferior ou mesmo acabar cobrando menos»**

Ademais, cómpre tratar outros temas como a PEA, o complemento de dinamización lingüística, os complementos de cargo, a baixada da carga

lectiva, a homologación, etc... para os que esixen unha calendarización no tempo para a súa negociación futura.

No mesmo escrito trasladouse que o persoal traballador do sector está moi canso e non vemos máis opción que a mobilización, polo que se convoca unha concentración de delegados e delegadas o próximo 5 de maio ás 11:30 horas ante a Consellería de Educación en Santiago de Compostela.

Se non hai un cambio na postura da Consellería continuaremos con outras accións máis contundentes das que se informará puntualmente.

Solicitamos da Consellería un cambio de actitude e a apertura inmediata de novas negociacións que permitan chegar a acordos para os traballadores e traballadoras. Non consentiremos o inmovilismo e o desprezo ao persoal traballador do ensino concertado por parte desta Consellería.

## OS NÓSOS LOCAIS

**SANTIAGO** (Local Nacional)  
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10  
15706 Santiago de Compostela  
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839  
santiago@cig-ensino.gal

**MORRAZO**  
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1  
36947 Cangas  
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987  
morrazo@cig-ensino.gal

**OURENSE**  
Parque de San Lázaro 12, 4º  
32003 Ourense  
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855  
ourense@cig-ensino.gal

**VAL DE MONTERREI**  
Rúa Pedro González 5, 1º  
32600 Verín  
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013  
verin@cig-ensino.gal

**A CORUÑA**  
Rúa Alfonso Molina s/n  
15007 a Coruña  
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735  
acorunha@cig-ensino.gal

**FERROL**  
Rúa Eduardo Pondal 41-43  
15403 Ferrol  
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760  
ferrol@cig-ensino.gal

**PONTEVEDRA**  
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda  
36002 Pontevedra  
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050  
pontevedra@cig-ensino.gal

**VIGO**  
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo  
36205 Vigo  
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844  
vigo@cig-ensino.gal

**BAIXO MIÑO**  
Praza da Guía 3, Baixo  
36780 a Guarda  
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465  
baixomiño@cig-ensino.gal

**LUGO**  
Ronda da Muralla 58, 2º andar  
27003 Lugo  
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891  
lugo@cig-ensino.gal

**A MARIÑA**  
Avenida de Galicia 20, 1º  
27700 Ribadeo  
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593  
amarinha@cig-ensino.gal

**SALNÉS**  
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600 Vilagarcía  
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323  
salnes@cig-ensino.gal